

NOVIDADE  
EDITORIAL

  
CONSORCIO DE  
SANTIAGO

**alvarellos**  
EDITORA

## O manuscrito orixinal de Manuel Antonio, «De catro a catro», nunha coidada edición facsimilar

Un dos manuscritos inéditos máis agardados da literatura galega, o orixinal do poemario de Manuel Antonio *De catro a catro* (1927) ve agora a luz nunha edición ao coidado de Anxo Tarrío Varela, publicada por Alvarellos Editora e o Consorcio de Santiago en colaboración coa USC.

SANTIAGO DE  
COMPOSTELA, 16 DE  
DECEMBRO DE 2016.-  
Sae estes días á  
venta en toda Galicia un  
dos manuscritos


orixinais máis agardados da literatura galega, o do gran poemario de Manuel Antonio (Rianxo, 1900-1930) *De catro a catro*, escrito entre os anos 1926 e 1927. Publicado agora, por vez primeira, nunha coidada edición facsimilar —a cargo do Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora e coa colaboración da Universidade de Santiago— que respecta fielmente o formato orixinal no que foi creado: un caderno contable en capa dura. O deseño da capa é a reprodución exacta do caderno orixinal, proxetida nesta edición facsimilar por unha sobrecuberta.

*De catro a catro* é un dos libros de poesía galega máis relevantes de todos os tempos. Está considerado ademais coma unha das cimas universais da poesía vangardista.

O coidado desta edición, que inclúe a transcrición do texto coa identificación das súas variantes, e a reprodución de varias fotografías e ilustracións moi pouco divulgadas ata hoxe, corre a cargo do catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade de Santiago de Compostela, Anxo Tarrío Varela.

A obra será presentada nun acto público organizado polo Consorcio de Santiago a comezos do próximo ano.

- Contacto coas editoras: Alvarellos Editora: [prensa@alvarellos.info](mailto:prensa@alvarellos.info) | 981 522 137. Consorcio de Santiago: [prensa@consorciodesantiago.org](mailto:prensa@consorciodesantiago.org), 981 55 44 01
- + info e mostra interior do libro, en: [www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)



FICHA TÉCNICA: 170 pp | 21 x 15 cms. Cartonado con sobrecuberta. ISBN 978-84-16460-13-7 | PVP: 21 €